

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE MAIO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo do Consello da Xunta do 15 de maio de 2020 sobre o necesario entendemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria no marco xurídico derivado do estado de alarma.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa da axuda complementaria ás dos programas de bono alugueiro social e de bono alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Manzaneda para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de vinte e sete mil cincocentos noventa euros (27.590,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de cincuenta e tres mil catrocentos euros (53.400,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para proporcionar ao persoal investigador do Sistema universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos dez mil euros (510.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) no financiamento de recursos de información científica en liña, por un importe total dun millón seiscientos setenta mil trescentos trinta e un euros (1.670.331,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto do turismo activo na Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina antigripal por un importe total de tres millóns oitocentos noventa e oito mil novecentos sesenta euros (3.898.960,00 €) e un valor estimado de catro millóns cento vinte e tres mil novecentos euros (4.123.900,00 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan de reactivación no ámbito sociosanitario en relación coa infección polo virus SARS-CoV-2.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as subvencións do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o programa de dixitalización do tecido empresarial galego para impulsar a súa reactivación económica.
- Informe sobre a nova liña de axudas aos investimentos para a fabricación de produtos relacionados co COVID-19.

CONSELLERÍA DE SANIDADE



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contratación polo trámite de emerxencia do primeiro subministro de outro material sanitario funxible para facer fronte o COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de seiscentos setenta e oito mil trescentos oitenta en un euros con trinta e sete céntimos (678.381,37€).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contratación polo trámite de emerxencia do primeiro subministro de material de laboratorio para facer fronte ao COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de trescentos cincuenta e oito mil seiscentos sete euros con corenta e seis céntimos (358.607,46€).
- Informe polo que se dá Conta ao Consello da Xunta da contratación polo trámite de emerxencia do primeiro subministro de material de vestiario para facer fronte ao COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de cento setenta e seis mil seiscentos oitenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (176.684,55 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da contratación polo trámite de emerxencia do primeiro subministro de diverso material non inventariable para facer fronte ao COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe de cincuenta e cinco mil trescentos tres euros con trinta e sete céntimos (55.303,37 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia dunha serie de subministración de bens, de servizos e pequenas obras, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe dun millón douscentos trece mil novecentos vinte e dous euros con oitenta e dous céntimos (1.213.922,82 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia para a subministración de materiais de protección destinados a profesionais e doentes, medios de transporte para virus e test rápidos de detección de virus, para facer fronte á pandemia do COVID-19, por importe de seis millóns trinta e dous mil novecentos sesenta euros con setenta e tres céntimos (6.032.960,73 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia de diversas subministracións de materiais de electromedicina na Área Sanitaria da Coruña e Cee para facer fronte á pandemia



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

do COVID-19, por importe de douscentos corenta mil cincocentos cincuenta e sete euros con dezaioito céntimos (240.557,18€).



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

O CONSELLO DA XUNTA ADAPTA A EMERXENCIA SANITARIA AO NOVO DECRETO DE ALARMA PUBLICADO NO BOE O SÁBADO 9 DE MAIO

- *Tamén se pronuncia sobre a compatibilidade da celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia coa actual situación de crise sanitaria polo COVID-19, en aplicación da modificación da normativa do Estado de Alarma aprobada polo Goberno central*

O Consello da Xunta acordou hoxe a adopción das medidas necesarias para garantir a protección da saúde durante o desenvolvemento dun proceso de eleccións ao Parlamento de Galicia. Desta forma, no caso de convocatoria do proceso electoral os órganos autonómicos adoptarían as medidas necesarias con esta finalidade, e promoverán a adopción de medidas coa mesma finalidade polas demais Administracións e entidades con competencias no desenvolvemento do proceso electoral, prestando a colaboración que a estes efectos resulte necesaria.

Tamén o Consello da Xunta abordou a compatibilidade do marco xurídico en Galicia sobre a actual situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e o desenvolvemento dun proceso de eleccións ao Parlamento de Galicia. Nesta liña, e en aplicación da modificación do Estado de Alarma publicada polo Goberno central no Boletín Oficial do Estado do sábado pasado, conforme o cal a vixencia do Estado de Alarma non suporá obstáculo algún ao desenvolvemento e á realización das actuacións electorais precisas para o desenvolvemento das eleccións convocadas a Parlamentos de Comunidades Autónomas, o Consello da Xunta de Galicia declarou que a situación de emerxencia sanitaria en Galicia é compatible coa realización das eleccións ao Parlamento de Galicia.

A XUNTA ASUMIRÁ ATA FINAL DE ANO O 100% DO CUSTO DO ALUGUEIRO DUNHAS MIL FAMILIAS VULNERABLES

- *Os perceptores do Bono de Alugueiro Social non terán que aboar nada pola renda da súa vivenda durante o que queda de 2020*
- *Esta medida de carácter extraordinario aplícase por primeira vez en abril e mantívose tamén no mes de maio, pero tendo en conta os efectos negativos que previsiblemente terá a crise do coronavirus sobre este colectivo, mesmo despois de que se levante o estado de alarma, decidiuse prolongala ata decembro*
- *O Goberno galego estima que o custo de completar as axudas do bono durante os próximos sete meses ascenderá a uns 810.000 euros e aspira a que se beneficien preto de 1.000 familias*

A Xunta de Galicia prolongará ata finais de 2020 a súa axuda extraordinaria aos beneficiarios do Bono de Alugueiro Social de tal xeito que non teñan que aboar nada pola renda da súa vivenda durante o que resta de ano. Esta medida, en virtude da cal o Goberno autonómico asume o 100% do custo do alugueiro, fíxose efectiva por primeira vez no mes de abril e volveu repetirse en maio. Co acordo autorizado esta mañá polo Consello, a Xunta dá un paso máis e decide prolongar esta axuda extraordinaria ata decembro de 2020 coa intención de beneficiar a unhas mil familias vulnerables que xa están percibindo o devandito Bono ou ás que se lles concederá nos vindeiros meses.

Deste xeito e para paliar na medida do posible os efectos negativos derivados da crise do COVID-19, considerouse necesario estender a medida a todo o exercicio 2020, tendo en conta sobre todo a situación de especial vulnerabilidade das unidades de convivencia beneficiarias deste programa e a previsible evolución da situación creada pola pandemia, con consecuencias negativas para as súas economías domésticas que poderán manterse durante un espazo de tempo superior ao propio estado de alarma.

Grazas a esta axuda complementaria, que se sumará ao importe habitual do Bono Alugueiro, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) achegará a totalidade da renda que lles correspondería pagar pola súa vivenda habitual durante todo o que queda do exercicio 2020.

Esta medida será aplicable a todas as unidades familiares que estean recibindo actualmente o Bono de Alugueiro Social e tamén a aquelas ás que se lles conceda esta axuda no que resta de ano. A axuda extraordinaria, de igual xeito, beneficiará tanto aos perceptores do Bono de Alugueiro Social ordinario como aos que teñen concedido o bono específico para vítimas de violencia de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Tendo en conta os beneficiarios actuais (uns 700) e aqueles que poderían incorporarse como novos perceptores nos próximos meses, estímase que ao longo de 2020 se beneficiarán desta axuda arredor de 1.000 familias galegas.

A dotación económica extraordinaria para complementar o Bono e chegar ata o cen por cen do importe dos alugueiros é de 810.000 euros, que se sumarán ao importe ordinario das axudas e aos máis de 170.000 euros adicionais xa mobilizados e correspondentes aos meses de abril e maio.

Cómpre lembrar que a convocatoria deste ano das axudas do Bono de Alugueiro Social foi publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado 3 de febreiro e a do Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero publicouse o 8 de abril. O prazo de presentación de solicitudes está aberto en ambos casos ata o 11 de decembro de 2020 e a dotación orzamentaria total ascende a 3,05 millóns de euros, sen contar o importe das axudas extraordinarias.

Perfil dos beneficiarios do Bono

As axudas do Bono están dirixidas ás seguintes unidades de convivencia:

- Aquelas que precisen dunha axuda para asumir o custo do arrendamento da súa vivenda, por estar inmersas en situacións de especial dificultade que determinaron que a persoa arrendadora interpuxese unha demanda de desafiuzamento por non pagamento das rendas.
- As das vítimas de violencia de xénero que teñan dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude, se atopen residindo nun recurso de acollida dos integrados na rede galega de acollemento para este colectivo e adscrito a unha Administración pública.
- Aquelas con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que fosen privadas da súa vivenda habitual, que posúen en calidade de propietarias ou usufrutuarias, por danos sufridos nesta derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.
- Aquelas que, tendo sido beneficiarias do Programa Aluga desfrutasen na súa totalidade da subvención do dito programa e lles rematase o período máximo de desfrute desta axuda dentro dos seis meses anteriores á data da presentación da súa solicitude de subvención do programa do Bono Alugueiro Social.
- Aquelas ás cales, tendo sido arrendatarias dunha vivenda de promoción pública de titularidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo lles finalizase a vixencia do seu contrato a partir da entrada en vigor desta orde.
- Aquelas ás cales, por concorrer circunstancias de emerxencia social e non acadaren o límite mínimo de ingresos establecidos no Programa de vivendas baleiras, a comisión de seguimento e coordinación do citado programa lles propoña a adxudicación dunha vivenda no marco do citado programa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Aquelas que sendo residentes en vivendas de entidades financeiras ou da Sociedade de Xestión de Activos procedentes de Reestruturación Bancaria (Sareb), en virtude dos convenios de colaboración subscritos entre o IGVS e as citadas entidades, rematasen a vixencia do seu contrato de arrendamento dentro dos seis meses anteriores á data de presentación da súa solicitude de subvención do Programa do bono alugamento social.
- Mozos menores de idade tutelados pola Xunta de Galicia, unha vez que acaden a maioría de idade e saian do réxime de tutela, para facilitarlles o acceso a unha vivenda en réxime de alugamento.
- Aquelas persoas que fosen privadas da súa vivenda habitual como consecuencia de procedementos xudiciais de execucións hipotecarias ou de acordos extraxudiciais de venda ou dación en pagamento a entidades financeiras.

Pola súa parte, o Bono de Alugueiro Social para vítimas de violencia de xénero está dirixido a:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor ou, no caso de mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación.
- Terán tamén esa consideración as mulleres que padecesen violencia vicaria ou violencia por interpósita persoa, con resultado de morte.
- As das fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, que se encontrasen nunha situación de dependencia económica da nai ou do agresor no momento do falecemento da vítima.

EDUCACIÓN ACHEGA 81.000 EUROS AOS CONCELLOS DE MANZANEDA E OROSO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR A 131 USUARIOS

- *A Consellería renovará os convenios de colaboración con ambos concellos para financiar as prazas de comedor no CEIP de Manzaneda e no CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés de Sigüeiro (Oroso) durante os dous próximos cursos*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional renovará os convenios de colaboración asinados cos Concellos de Manzaneda e Oroso para a prestación do servizo de comedor escolar a 131 usuarios, por un importe de 80.990 euros para os dous vindeiros cursos 2020/21 e 2021/22, tal e como autorizou hoxe o Consello da Xunta.

A través destas accións a Xunta de Galicia favorece a conciliación da vida escolar e familiar e reforza o seu apoio aos Concellos que decidiron facerse cargo da xestión deste servizo complementario. En concreto, os acordos refírense ao CEIP de Manzaneda (31 usuarios, un 19% máis de prazas que no anterior convenio), e do CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés (Oroso), con 100 usuarios, que mantén as mesmas prazas que no anterior convenio.

No marco destes convenios de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os Concellos comprométese á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A día de hoxe a Consellería de Educación mantén convenios de colaboración con 15 concellos de Galicia, a través dos cales financia os menús de 4.705 usuarios de 52 centros públicos. A maiores tamén destina axudas a Anpas para a xestión de 162 comedores que suman outras 12.311 prazas.

Non obstante, a meirande parte dos comedores escolares en Galicia están xestionados por parte da propia Consellería, cun total de 434 que atenden 62.097 usuarios. Cómpre lembrar que no caso destes comedores escolares, o 81,57% dos usuarios teñen o servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día abóana un 13,76% dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español.

No actual curso 2019/2020, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destinou preto de 30 millóns de euros aos comedores de xestión propia, así



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas ANPAS. Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais o número de prazas de comedores incrementouse en 16.987 desde o curso 2008/2009, un 30% máis neste período.



EDUCACIÓN INCREMENTA EN CASE UN 10% A ACHEGA ÁS UNIVERSIDADES PARA A ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DE RECURSOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA EN LIÑA

- *Mantén ademais o orzamento para o acceso aos recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación*
- *A achega total da Consellería ascende a case 2,2 millóns de euros*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asine convenios de colaboración coas Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para proporcionarlle ao persoal investigador do Sistema Universitario de Galicia (SUG) o acceso a recursos de información científica en liña e a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación dos investigadores. A renovación destes acordos suporá un incremento do 10% no referido á adquisición centralizada de recursos de información científica en liña e un investimento total por parte da Xunta de Galicia de 2.180.331 euros.

Deste xeito, a Consellería garántelles ás universidades o financiamento dos recursos informativos necesarios para que o seu persoal investigador e docente, e mesmo o alumnado, poida levar a cabo traballos científicos empregando as bibliotecas universitarias, integradas no Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG). Ademais, contribúese a incrementar a capacidade competitiva das universidades a través da innovación poñendo á súa disposición un centro de cálculo intensivo que permitirá a aplicación de novas solucións tecnolóxicas á investigación.

No referido aos recursos de información científica en liña, trátase de bases de datos, revistas electrónicas, libros electrónicos, xestores bibliográficos e ferramentas de xestión, entre outros, que resultan básicos para o desenvolvemento do labor científico e docente. As universidades comprométense, a través do convenio, a contratar modelos comerciais de acceso cruzado que permiten que as revistas subscritas por unha biblioteca poidan ser accesibles tamén para o resto de bibliotecas asociadas, garantir o acceso perpetuo ás coleccións nucleares e a xestionar unha maior cobertura de acceso.

Isto permite a optimización de recursos públicos e favorece a cooperación entre bibliotecas universitarias á hora de adquirir e compartir recursos electrónicos aos que se accede a través de licenzas a coleccións completas ou partes. A través do CISUG as tres universidades realizan unha xestión centralizada de recursos electrónicos de interese científico, o que supón unha mellor posición fronte ao mercado, pois permite acadar acordos de maior envergadura dos que serían posibles a nivel individual e reforza a capacidade de negociación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por outra banda, a Consellería facilitará o acceso dos investigadores a recursos de supercomputador con diferentes arquitecturas e de software especializado para uso do persoal docente e grupos de investigación pertencentes ao SUG. Estes recursos permiten realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda ancha necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do SUG.

Os acordos enmárcanse no Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, no apartado do financiamento por resultados, no subfondo de fomento da I+D+i; e ten como obxectivo final facilitar o traballo docente e investigador, promovendo a permanencia do talento no Sistema Universitario de Galicia (SUG).

GALICIA ACTUALIZA A REGULACIÓN DO TURISMO ACTIVO REFORZANDO A PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL, A SEGURIDADE DOS USUARIOS E A FORMACIÓN DOS TRABALLADORES

- *O Goberno galego avanza na adaptación da normativa vixente, de 2001, que ordena esta modalidade de turismo á que se dedican máis de 400 empresas en Galicia*
- *Regúlanse máis de 40 actividades, fronte a nove da anterior normativa, entre propostas subacuáticas, náuticas, aéreas, hípica, ciclismo, de montaña e escalada, espeleoloxía e actividades na neve*
- *Obrígase á revisión de equipos e materiais, incorpóranse novos seguros e se inclúe a necesidade de contar cun protocolo ante accidentes*
- *O novo decreto alíñase co modelo turístico galego, baseado na sustentabilidade e protección da natureza e a diversificación da oferta polo territorio*

Galicia avanza no novo marco xurídico que ordena a actividade das empresas de turismo activo en Galicia, que son máis de 400 entidades na Comunidade galega, xa que o novo decreto que o regula se atopa xa nas últimas fases previas á súa aprobación, como así se informou hoxe en Consello de Xunta, tras enviar o borrador do texto do decreto ao Consello Consultivo para a súa análise. A nova normativa autonómica amplía o abano de actividades baixo esta tipoloxía, blindo a protección e conservación das contornas naturais onde se desenvolva, reforza a seguridade e prevención dos usuarios e tamén afonda na formación do persoal cualificado.

Mellora, adapta e complementa a regulación que estaba vixente, do ano 2001, naqueles aspectos que precisaban unha revisión ou reconsideración, tendo en conta que nos últimos anos se ten producido un incremento substancial deste tipo de turismo e a oferta de actividades deportivas realizadas na natureza vinculadas ao turismo activo.

En concreto, regúlanse as actividades de recreo, deportivas e de aventura que se practican servíndose dos recursos que ofrece a propia natureza e ás que lles é inherente certo grao de destreza ou esforzo físico para a súa práctica, quedando excluídas as actividades nas que se precise dun elemento mecánico a motor para a súa realización.

En total, tipifícanse máis de 40 actividades de turismo activo, entre actividades subacuáticas, náuticas, aéreas, hípica, ciclismo, actividades de montaña e escalada, espeleoloxía e actividades de neve, fronte ás nove que se recollían no decreto de 2001. Inclúense, entre outras o mergullo e o snorkel, surf, montañismo, alpinismo, espeleoloxía, kayak ou piragüismo, así como outras como tirolina, rapel ou voo sen motor.

Seguridade nas emerxencias

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O novo decreto blinda a aínda máis a seguridade dos usuarios ao regular a obrigatoria revisión dos equipos e materiais e ao incluír tamén novos seguros, como o de emerxencia ou accidentes, que cubra o rescate, traslado e asistencia derivados dos posibles accidentes producidos no desenvolvemento das actividades de turismo activo. É un seguro que se suma ao de responsabilidade civil e á obrigatoriedade das empresas a ter un protocolo, por escrito, de seguridade, saúde e autoprotección en caso de accidentes.

Outra das novidades que incorpora o decreto é que tamén se clarifica o ámbito de actuación do turismo activo a todas as empresas que desenvolvan unha actividade de turismo activo no ámbito territorial de Galicia, independentemente do lugar da súa sede social. Ademais, reflíctese explicitamente que no estarán reguladas polo decreto as actividades realizadas por diferentes entidades, como as organizadas polas federacións, por asociacións para os seus asociados, as organizadas por centros de ensinanza oficiais, entre outras

Aliñándose co modelo turístico galego, baseado na sustentabilidade, respecto da natureza e calidade, o decreto establece de xeito específico un artigo que afonda no compromiso da protección do medio ambiente e do patrimonio cultural nas actividades de turismo activo.

Ademais, defínense os requisitos de formación que debe ter o persoal técnico, diferenciando entre as figuras da persoa coordinadora, que planifica, supervisa, avalía a actividade e coordina ao persoal monitor e figura da persoa monitora, que dirixe a actividade, asesorando orientando e acompañando aos usuarios durante a preparación e execución da actividade. Tamén debe haber unha persoa responsable da seguridade dos equipos e materiais.

Modifícase tamén o proceso para a alta dunha empresa no rexistro da Axencia Turismo de Galicia. Deberán presentar unha declaración responsable na que manifesten o cumprimento dos requisitos previstos neste decreto e nas normas que o desenvolven e o compromiso de mantelos na vixencia da súa actividade

Calidade na atención

Con este decreto, o Goberno autonómico blinda as garantías tanto do sector como dos turistas que realicen este tipo de actividades a través dunha normativa participativa e aberta, que recolle as sensibilidades de usuarios e empresas turísticas e que tamén inclúe medidas de respecto ao medio e amplía as actividades de turismo activo adecuándose ao marco normativo vixente.

O proxecto de decreto remítese agora a Consello Consultivo para a súa análise. Posteriormente volverá ser dirixido a Consello de Xunta e logo da aprobación do decreto



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

neste órgano publicarase no Diario Oficial de Galicia. A entrada en vigor será aos tres meses da súa publicación no DOG.



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

SANIDADE DESTINA UN IMPORTE ESTIMADO DE 4,1 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA DE 740.000 DOSES DA CAMPAÑA ANUAL DE VACINACIÓN ANTIGRIPAL

- *Supón a adquisición de 125.000 doses máis que a campaña anterior, o que representa un 20% máis*
- *O departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña prevé un incremento do número de vacinacións ligado á actual pandemia do coronavirus*
- *A gripe pode ser grave e incluso mortal especialmente nos grupos de risco, como é o caso das persoas maiores e aquelas con condicións médicas que as predispoñen ao padecemento de complicacións*

A Consellería de Sanidade vai destinar un importe estimado de 4.123.900 euros para a contratación de 740.000 doses da vacina antigripal, o que supón 125.000 doses máis das adquiridas o pasado ano (un 20% máis), posto que o departamento sanitario galego prevé un incremento do número de vacinacións ligado á actual pandemia do coronavirus. O orzamento do ano 2019 para a compra das vacinas desa campaña foi de 3.4 millóns.

O obxectivo desta vacinación anual é reducir a mortalidade, a morbilidade e o impacto da enfermidade, por iso se oferta de xeito gratuíto a vacinación ás persoas incluídas nos grupos de risco, co fin de conseguir unhas adecuadas coberturas que reduzan a morbi-mortalidade e os custos socio-económicos asociados ao seu padecemento.

Grupos de risco

O departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña, a través da súa Dirección Xeral de Saúde Pública, realiza ininterrompidamente, dende o ano 1991, a campaña anual de vacinación antigripal entre os meses de outubro e decembro de cada ano.

Sanidade lembra que esta enfermidade pode ser grave e incluso mortal, especialmente nalgúns grupos, tales como as persoas maiores, as mulleres embarazadas e aquelas persoas con condicións médicas que as predispoñen ao padecemento de complicacións por esta enfermidade.

A vacina da gripe reformúlase todos os anos debido ás variacións que se producen nos virus gripais, co obxecto de que concorden o máis posible os virus incluídos na vacina cos circulantes, debendo conter as cepas especificadas pola Organización Mundial da Saúde.

Cómpre remarcar que a vacina da gripe é un instrumento esencial de saúde pública ao ser un mecanismo de prevención para unha das enfermidades de maior morbilidade e

mortalidade, e que aparece periodicamente. Ademais, a gripe tamén está na orixe dun gran número de baixas laborais. Así mesmo, a vacina da gripe beneficia tanto ás persoas vacinadas como ás non vacinadas e susceptibles que viven no entorno (inmunidade de grupo), así como a toda a sociedade.

Resultados campaña anterior

Na campaña de vacinación antigripal 2019/2020, o número total de doses de vacinas administradas á poboación galega ascendeu a 605.532, o que supón 38.124 doses máis que na campaña anterior, é dicir, un incremento do 6,3%. Así mesmo, aumentouse a cobertura en todos os grupos de risco.

Segundo os datos do informe da campaña de vacinación antigripal da temporada pasada 2019/2020, o número de doses de vacinas da gripe administradas nas persoas de 65 anos ou máis ascendeu a 410.759, 16.317 doses máis que na campaña 2018/2019. Isto supón unha cobertura do 60,42%.

Nas persoas de 75 ou máis anos non só se acadou o obxectivo establecido do 65%, ao rexistrar unha taxa do 67,33%, senón que se superou en máis dun punto a acadada o ano anterior.

A cobertura estimada nas mulleres embarazadas, grupo tamén prioritario da campaña, foi, na temporada pasada, do 65,04 %, con 7.654 doses administradas, vacinándose 1.146 mulleres máis. Estas cifras indican que sobrepasouse cun amplo marxe, máis de dez puntos, o obxectivo proposto do 55%.

A porcentaxe de traballadores sanitarios vacinados na campaña pasada chegou ao 50,93 % superando en case 1 punto o 50 % establecido como obxectivo e en case 5 puntos a cobertura de 2018, cun 46,49%. En total, vacináronse 17.688 profesionais, o que supón un aumento na vacinación de 2.809 profesionais máis que o ano anterior. Os datos mostran a consolidación dunha tendencia crecente de vacinación no persoal médico e de enfermaría.

SANIDADE PON EN MARCHA O PLAN DE REACTIVACIÓN DAS RESIDENCIAS DE MAIORES EN RELACIÓN COA INFECCIÓN POLO CORONAVIRUS

- *A reactivación constará de tres etapas de 15 días de duración cada unha*
- *Para pasar á seguinte etapa o centro deberá contar cun informe favorable do equipo sanitario responsable na área*
- *Na primeira etapa permitirase realizar actividades individuais ou en grupo dentro do centro respectando as medidas de distanciamento*
- *O proceso de reactivación debe ser gradual, dinámico e reversible, permitindo recuperar a vida social de forma progresiva, sen incrementar o risco de aparición dun abrocho*

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde vén de elaborar o Plan de Reactivación das residencias de maiores en relación coa infección polo coronavirus. O contexto epidemiolóxico sanitario e de saúde pública actual permite o inicio deste proceso de normalización progresiva, denominado reactivación, que debe ser avaliado de maneira continua para comprobar a súa efectividade e acompañarse doutras medidas específicas que se deberán manter máis alá da fase pandémica.

Os obxectivos deste Plan é establecer o marco de actuación para a toma de decisións durante o proceso de reactivación das residencias de maiores e definir as liñas de actuación de vixilancia, prevención e control. O proceso de reactivación debe ser gradual, dinámico e reversible, permitindo recuperar a vida social de forma progresiva, sen incrementar o risco de aparición dun abrocho.

Tres etapas

A primeira etapa arranca o luns, e os requisitos para acceder á mesma son que o centro non debe ter infección polo Covid tanto no persoal como nos residentes nos últimos 15 días, e estar nun concello que tivese 3 ou menos casos de Covid ao día por 100.000 habitantes.

A reactivación constará de tres etapas de 15 días de duración cada unha. Para pasar á seguinte etapa o centro deberá contar cun informe favorable do equipo sanitario responsable na área sanitaria. Permitirase avanzar nas etapas acurtando os tempos aos centros residenciais con menos de 60 prazas a 10 días.

Na primeira etapa permitirase realizar actividades tanto individuais como en grupo dentro do centro respectando as medidas de distanciamento social e hixiene de mans. Desenvolveranse en grupos pequenos para o que se organizarán quendas. Poderán realizarse paseos en zonas amplas ao aire libre nunha distancia de 1 km ao redor do centro, mantendo sempre as medidas de distanciamento e utilizando máscara. Permitirase unha visita á semana pola persoa de referencia coa cita previa.

Na segunda etapa, as persoas válidas poderán realizar saídas á farmacia e ao banco a primeira hora da mañá evitando aglomeracións de persoas neles. Permitiranse dúas visitas á semana e seguirase a favorecer o contacto con outros familiares ou amigos mediante chamadas telefónicas, ao igual que na primeira fase.

A terceira etapa, tamén de 15 días de duración, os residentes poderán realizar saídas ao entorno urbano evitando lugares onde se concentren moitas persoas. Atenderán as medidas de distanciamento, as de hixiene de mans e utilizarán máscara. Recuperarase o réxime de visitas con anterioridade á crise sanitaria.

Se aparece un caso positivo suspenderase o programa de reactivación e tomaranse as medidas de illamento dos casos positivos seguindo o protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e a de Política Social. No momento no que se dea a situación para unha nova reactivación poderán acurtarse os tempos de cada etapa se a situación epidemiolóxica e do centro o permite.

Sinalar que se permitirán os novos ingresos a partir da etapa 1. A eles, realizaráselles unha enquisa clínico epidemiolóxica e con anterioridade ao ingreso faráselles unha PCR.

Obxectivos do plan e liñas de actuación

Os obxectivos deste plan son establecer o marco de actuación para a toma de decisións durante o proceso de reactivación das residencias de maiores e, ademais, definir as liñas de actuación de vixilancia, prevención e control para fase de reactivación no ámbito sociosanitario.

Dado que a reactivación debe ser un proceso seguro, gradual e de carácter dinámico, é preciso para a planificación dunha resposta adaptativa ter en conta os criterios epidemiolóxicos xerais, os criterios asistenciais e os criterios sociosanitarios.

O Plan de Reactivación contempla como medidas de actuación, en primeiro lugar, a vixilancia da infección polo coronavirus. Así, é necesaria unha labor de monitorización e vixilancia continua tanto para a detección precoz de novos casos e dos seus contactos como para o seguimento dos mesmos. A tal efecto, realizaranse actividades de detección precoz no persoal (autoavaliación e rexistro diario de síntomas no persoal e convivintes mediante enquisas clínico epidemiolóxicas) e detección precoz nas persoas residentes (busca de casos mediante cribados ao persoal e aos residentes empregando as técnicas de PCR-pooling).

Haberá tamén un seguimento do centro polo Sergas, existindo un equipo referente de residencias de maiores en cada área sanitaria e un equipo coordinador/referente de residencias de maiores por cada servizo de atención primaria.

Continuarase coa monitorización do estado de saúde dos residentes que consistirá no seu seguimento diario. Dito seguimento é diferente en función de se o recurso residencial dispón de persoal médico e enfermería propio ou non. Se o centro residencial carece de persoal médico e de enfermería será a enfermería de atención primaria quen realizará o seguimento diario a través da plataforma TELEA.

Ademais, a Xerencia de cada área sanitaria establecerá un protocolo de coordinación sociosanitaria dos equipos de atención primaria (medicina e enfermería) cos diferentes especialistas hospitalarios, xa sexa de atención presencial, telefónica ou a través da e-interconsulta de carácter urxente ou programada.

Así mesmo, realizarase unha avaliación dos plans de continxencia dos centros residenciais.

A segunda das liñas de actuación é a prevención, baseada na aplicación de medidas dirixidas a protexer ás persoas residentes e ao persoal, reducindo a probabilidade de contacto cos casos coa infección. É necesario desenvolver un intenso labor de educación sanitaria para non baixar a garda e adoptar e manter as boas prácticas de prevención da enfermidade, establecendo persoal de referencia en cada centro para garantir o coñecemento e aplicación das medidas de protección e hixiene (habilitación de dispensadores de solución alcohólica, xerar dinámicas para que os usuarios realicen hixiene de mans con frecuencia, instalación de portapanos desbotables, respectar as distancias mínimas, etc.).

O Plan contempla a intensificación da limpeza e desinfección do centro; así como medidas de distanciamento social regulando o acceso ás actividades en zonas comúns e adecuando os comedores colectivos para cumprir coa distancia de seguridade. Tamén recolle medidas para o persoal e equipos de protección individual, establecendo persoal de referencia en cada centro para garantir o uso correcto das EPIs e control polo persoal responsable de aprovisionamento das necesidades de EPIs.

Medidas para as visitas

Respecto das medidas para as visitas, o documento recolle a elaboración dunha listaxe de persoas de referencia para cada residente que deben estar exentas de síntomas compatibles co coronavirus para poder realizar a visita. Ademais, organizaranse quendas de visitas con cita previa. En cada residencia, analizarase a dispoñibilidade de espazos e capacidade para establecer un número máximo de persoas de xeito simultáneo.

Tamén contempla o Plan medidas para as visitas por motivos profesionais (transporte de material ou outros abastecementos) que so poderán acceder a unha zona na entrada do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

edificio ou establecer circuítos diferenciados para evitar o seu contacto coas persoas do centro.

A terceira liña do documento recolle o conxunto de intervencións que tratan de evitar que as persoas infectadas diseminen a infección mediante o control dos casos confirmados e dos sindrómicos sen confirmación adoptando medidas de illamento.

No suposto dos casos Covid confirmados actuarase segundo o indicado polo equipo sanitario e o establecido no protocolo para as residencias e no plan de continxencia do centro. Haberá tamén un control dos pacientes diagnosticados tras recibir a alta a través do Telea e un control e seguimento dos contactos estreitos dos casos confirmados.

A XUNTA DESTINARÁ CASE 8 MILLÓNS ÁS AXUDAS EXTRAORDINARIAS AO ALUGUEIRO PARA PERSOAS VULNERABLES POLO COVID-19

- *O importe da subvención, que se concederá por un prazo máximo de seis meses, poderá chegar ata os 500 euros ao mes, sen superar nunca o 100% do custo da renda mensual*
- *A convocatoria sairá publicada no DOG nos próximos días e estímase que coa dotación orzamentaria inicialmente prevista, que poderá ser ampliable, chegaráse a preto de 3.300 familias galegas*
- *Para acceder ao programa, os beneficiarios deberán acreditar a situación de vulnerabilidade, que segundo os requisitos fixados polo Goberno do Estado serán estar en situación de desemprego, ERTE ou ter visto reducida a súa xornada cunha perda substancial de ingresos e que o importe da renda do alugueiro e dos gastos básicos supoñan o 35% ou máis dos ingresos da unidade familiar*

A Xunta de Galicia destinará preto de oito millóns de euros ás axudas extraordinarias para o alugueiro de vivendas destinadas a persoas en situación de vulnerabilidade por causa do COVID-19, segundo indica o informe presentado hoxe ao Consello da Xunta por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A convocatoria, que se publicará no Diario Oficial de Galicia nuns días, estará dotada con 7.901.884,8 euros, aínda que esta cantidade poderá ser ampliada posteriormente. Estímase que a contía inicial permitiría outorgar case 3.300 axudas, a pesar de que poderían ter dereito ás mesmas 75.000 galegos.

De feito, a Xunta xa se dirixiu ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana indicando que a dotación orzamentaria destas axudas resulta claramente insuficiente para atender o volume de potenciais beneficiarios das mesmas.

Cómpre lembrar que esta liña extraordinaria de subvencións ao alugueiro foi creada polo Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. Para financiarlas, o Goberno acaba de transferir á Xunta hai uns días 5,7 millóns de euros do fondo adicional previsto no propio decreto, e o resto do financiamento, ata chegar aos 7,9 millóns de euros cos que sairá inicialmente a convocatoria, corresponde a contías do Plan de Vivenda que aínda non estaban comprometidas polo Executivo autonómico.

Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarios destas novas axudas ao alugueiro as persoas físicas maiores de idade que, na data da presentación da solicitude, se atopen en situación de vulnerabilidade como consecuencia do COVID 19 e cumbran os seguintes requisitos:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.
- Ser titulares, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, con mención expresa da súa referencia catastral e do medio e forma de pago á persoa arrendadora.
- Que a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente, así como da súa unidade familiar durante todo o período polo que se conceda a axuda. Para estes efectos, tanto a persoa beneficiaria como as demais persoas integrantes da súa unidade familiar deben constar empadroadas na vivenda obxecto do contrato de alugamento á data da presentación da solicitude.
- Estar en situación de vulnerabilidade económica conforme ao establecido no artigo 5º do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo.
- Atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e/ou no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Persoas en situación de vulnerabilidade

Para poder acceder a este programa, as persoas deben cumprir os requisitos de vulnerabilidade establecidos no artigo 5 do Real Decreto-lei 11/2020 para os efectos de obter axudas en relación coa renda do alugueiro da vivenda habitual. Estes requisitos, que deben concorrer conxuntamente, son os seguintes:

- Que a persoa que estea obrigada a pagar a renda de alugueiro pase a estar en situación de desemprego, Expediente Temporal de Regulación de Emprego (ERTE), ou reducise a súa xornada por motivo de coidados, en caso de ser empresario, ou outras circunstancias similares que supoñan unha perda substancial de ingresos, non alcanzando por iso o conxunto dos ingresos dos membros da unidade de familiar, desde a declaración do estado de alarma e ata un mes despois da súa finalización, os seguintes importes:
 - Con carácter xeral, o límite de 3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), fixado actualmente en 537,84 euros ao mes.
 - Este límite incrementarase en 0,1 veces o IPREM por cada fillo a cargo na unidade familiar. No caso de unidades monoparentais, o incremento aplicable por fillo a cargo será de 0,15 veces o IPREM.
 - Este límite incrementarase en 0,1 veces o IPREM por cada persoa maior de 65 anos membro da unidade familiar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- No caso de que algún dos membros da unidade familiar teña declarada discapacidade superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que lle incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral, o límite previsto será de 4 veces o IPREM, sen prexuízo dos incrementos acumulados por fillo a cargo.
 - No caso de que a persoa obrigada a pagar a renda de alugueiro sexa unha persoa con parálise cerebral, con enfermidade mental, ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, ou persoa con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65 por cento, así como nos casos de enfermidade grave que incapacite acreditadamente á persoa ou ao seu coidador, para realizar unha actividade laboral, o límite previsto será de 5 veces o IPREM
- Que a renda, máis os gastos e subministracións básicas, resulte superior ou igual ao 35% dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar. A estes efectos, entenderase por “gastos e subministracións básicas” o importe do custe das subministracións de electricidade, gas, gasoil para calefacción, auga corrente, dos servizos de telecomunicación fixa e móbil, e as posibles contribucións á comunidade de propietarios, todos eles da vivenda habitual que corresponda satisfacer á persoa arrendataria.

Non se entenderá que concorren os supostos de vulnerabilidade económica polo COVID-19 para os efectos de obter estas axudas cando o arrendatario ou calquera das persoas que compoñen a unidade familiar sexa propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España, excepto cando o dereito recaia unicamente sobre unha parte alícuota da mesma e se obtivo por herdanza ou mediante transmisión *mortis causa* sen testamento.

Exceptuarase deste requisito tamén a quen, sendo titular dunha vivenda, acredite a non dispoñibilidade da mesma por separación ou divorcio, por calquera outra causa allea á súa vontade, ou cando a vivenda resulte inaccesible por razón de discapacidade do titular ou dalgunha das persoas da unidade familiar.

Importe das axudas

A contía desta axuda será de ata 500 euros mensuais, sen que en ningún caso poida exceder do importe total da renda do contrato.

No suposto de ter accedido ás axudas transitorias de financiamento reguladas no artigo 9 do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, a axuda poderá chegar ata un importe de 3.000 euros, co que se satisfará total ou parcialmente o pago da renda da vivenda habitual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A axuda concederáse polo prazo no que se acredite estar en situación de vulnerabilidade como consecuencia do COVID-19 e en todo caso, por un máximo de seis meses, podendo incluírse como primeira mensuralidade a correspondente a abril sen que en ningún caso se concedan axudas que excedan da anualidade 2020. Estas subvencións poderán solicitarse no momento en que a convocatoria se publique no Diario Oficial de Galicia, previsiblemente a vindeira semana.

A XUNTA DESTINA 23,5M€ AO PLAN DE DIXITALIZACIÓN DO COMERCIO E AS PEMES PARA QUE GAÑEN EN COMPETITIVIDADE NO NOVO CONTEXTO ECONÓMICO

- *O obxectivo é facilitar a reactivación do tecido empresarial e que se poida adaptar á actual situación derivada do Covid-19*
- *Dedícanse 6,5M€ á dixitalización das pemes, 4M€ a facilitar o teletraballo; e 3M€ ao impulso da dixitalización no rural e na economía social*
- *Impúlsase con preto de 4 millóns de euros a modernización e a innovación no comercio de proximidade, que pode obter axudas para novas canles e fórmulas de comercialización e adaptar os seus establecementos*
- *As pequenas e medianas empresas contarán con 6M€ para impulsar a súa internacionalización dixital*

A Xunta activa o Plan de transformación dixital das pequenas e medianas empresas e o comercio galego, dotado con 23,5 millóns de euros e co que se prevé mobilizar arredor de 40 millóns de euros, co obxectivo de facilitar a súa reactivación e que poidan incrementar a súa competitividade, adaptándose ao novo contexto económico derivado do Covid-19.

Búscase así que poidan acometer os procesos de dixitalización máis axeitados que lles permitan reforzar a súa actividade e afondar na súa expansión internacional a través de novas canles de comercialización a partir de ferramentas dixitais innovadoras. Ademais, o programa ten en conta de maneira especial as necesidades do sector comercial en xeral, do tecido empresarial situado no ámbito rural, e o impulso do teletraballo.

Teletraballo e impulso do rural

En concreto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, prevé destinar 6,5 millóns á dixitalización das pequenas e medianas empresas; 4 millóns de euros para apoiar solucións tecnolóxicas que faciliten o teletraballo; e 3 millóns para avanzar na transformación dixital da economía social e dos proxectos empresariais que se desenvolven no rural.

Internacionalización

Ademais, no marco deste Plan de dixitalización, refórzase o programa Galicia Exporta Dixital, que contará así cun orzamento de 6 millóns de euros, incorporando como novidade destacada que os comercios polo miúdo poderán acollerse ás axudas. A través deste programa, pemes e comerciantes poderán obter apoios para a realización de diagnósticos de potencial exportador; plans de internacionalización dixital multicanle; plans de mercados electrónicos concretos; a creación e adaptación de tendas en liña e

catálogos en liña para o márketing e vendas en mercados electrónicos obxectivo ou a adquisición de software específico, entre outros.

Comercio de proximidade

A Xunta tamén conta cun programa para impulsar a innovación e a dixitalización do comercio de proximidade galego, incorporando a posibilidade de que os beneficiarios cobren anticipos. A través deste programa, dotado con preto de 4M€, comerciantes e artesáns poderán obter apoios para mellorar e incrementar os servizos que se prestan aos consumidores a través de diferentes canles, con axudas para páxinas web comerciais, ferramentas de márketing 4.0, mellora da imaxe dixital, xestión de redes sociais e implantación de ferramentas de xestión.

Tamén se concederán a través desta orde axudas para a modernización e adaptación de locais comerciais; a expansión comercial, coa apertura de novos establecementos; novas fórmulas de comercialización e a adquisición de equipamento ou ferramentas que melloren o produto final.

A XUNTA DESTINA 5M€ A FACILITAR ÁS PEMES A FABRICACIÓN DE PRODUTOS QUE AXUDEN A PREVIR E COMBATER O COVID-19 A NIVEL SANITARIO E LABORAL

- *O novo programa, con apoios de ata 800.000 euros, promoverá a produción en Galicia de medicamentos, tratamentos, test de diagnóstico e equipos hospitalarios e médicos*
- *Súmase á convocatoria aberta por 2,5M€ para impulsar a reorganización produtiva de pequenas e medianas empresas para facer fronte á emerxencia sanitaria, unha liña de apoios da que xa se concederon axudas para os primeiros 14 proxectos*

O Consello da Xunta avanzou hoxe na nova liña de axudas destinada a impulsar a fabricación en Galicia de produtos que sexan de utilidade na loita contra o Covid-19 e que contribúan a incrementar a prevención tanto a nivel sanitario como en materia de seguridade e saúde laboral. En concreto, trátase dunha liña específica á que o Goberno galego destina 5M€ para facilitar os proxectos de pemes galegas que se dediquen á produción de medicamentos, tratamentos, test de diagnóstico, equipos hospitalarios e médicos, entre outros bens.

Os apoios previstos poderán acadar ata 800.000 euros por iniciativa. Os proxectos deberán ter un custo subvencionable igual ou superior a 100.000 euros. As axudas, que se concederán en réxime de concorrencia non competitiva, cubrirán o 75% dos investimentos que realicen as pequenas e medianas empresas que fabricarán os seguintes materiais: medicamentos -incluídas as vacinas- e tratamentos contra o Covid-19, produtos intermedios, ingredientes farmacéuticos activos e materias primas necesarias para a súa elaboración; produtos sanitarios, equipos hospitalarios e médicos -incluídos respiradores, roupa e equipos de protección e ferramentas de diagnóstico-, e as materias primas necesarias; desinfectantes; e ferramentas de recollida e/ou tratamento de datos.

O novo programa actívase logo de que a Xunta realizase unha [consulta](#) previa ao tecido produtivo precisamente para coñecer a dispoñibilidade das pemes galegas a acometer a fabricación de produtos que sirvan para previr e combater o Covid-19. Foron 28 as propostas presentadas que contribuíron á finalización do deseño das axudas, recollendo as achegas sobre os proxectos que se poderían acometer para a fabricación deste tipo de produtos e as suxestións sobre as características da nova liña.

Esta iniciativa tamén se suma á convocatoria xa aberta para impulsar a reorganización produtiva das empresas galegas para facer fronte á emerxencia sanitaria, dotada con 2,5 millóns de euros. O Comité de fabricación de equipamento sanitario impulsado pola

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Xunta vén de validar a comezos desta semana os primeiros 14 proxectos de pemes galegas e que van mobilizar máis dun millón de euros na reestruturación dos seus procesos produtivos para fabricar medios de protección fronte o Covid-19. A Administración autonómica achega ao redor do 70 por cento do investimento, preto de 750.000 euros. Catro destes proxectos van dirixidos á fabricación de máscaras, o que permitirá dispoñer en Galicia de 300.000 unidades diarias.

SANIDADE DESTINA PRETO DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA A LOITA CONTRA O COVID-19 EN OURENSE

- *Trátase de material sanitario funxible, material de laboratorio e vestiario entre outros*
- *O obxectivo desta compra é o de facer provisión dos recursos necesarios para facer fronte ao coronavirus nas unidades asistenciais da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de catro expedientes de contratación para subministrar material á Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras fronte ao Covid-19. O valor destas adquisicións ascende a un total de 1.268.972 euros.

O primeiro destes expedientes é para a compra de material sanitario funxible por un total de 678.381 euros. Esta cantidade destínase a 177.400 equipos de infusión por valor de 143.218 euros; 23.567 máscaras de protección cun custe de 126.287 euros; 9.550 unidades de desinfectante por valor de 108.894 euros e 100.492 batas protectoras por un importe de 41.310 euros. Tamén se invisten 31.882 euros en luvas, 24.413 euros en apósitos; 38.796 euros en máscaras para pacientes e máscaras cirúrxicas; 21.780 euros en válvulas bidireccionais e 15.995 euros en xiringas.

O segundo dos expedientes recolle un investimento de 358.607 euros para o subministro de material de laboratorio. Neste orzamento destaca o medio de transporte para 9.769 mostras por valor de 84.827 euros e 28 kits de detección PCR-RT Covid-19 cun custe de 81.312 euros, ademais de 3.000 tests de diagnóstico Covid-19 cun presuposto de 26.716 euros. Tamén hai 195 kits de investigación Covid-19 por valor de 47.190 euros, e diversos kits para a extracción de ácidos nucleicos; kits de control de virus Zika e de gripe A; e kits para probas de proteína C reactiva e de procalcitonina entre outros.

Xunto aos expedientes comentados tamén se aprobou hoxe un terceiro, para material de vestiario e que conta cun orzamento de 176.684 euros. Nesta compra destaca a adquisición de 14.000 sabas por valor de 54.598 euros, 5.400 fundas por un importe de 20.570 euros, 8.790 toallas cun custe de 17.068 euros e 4.870 camisóns por valor de 15.878 euros. Ademais destínanse 13.259 euros a adquisición de zapatos brancos microperforados; 9.888 euros en casacas de uniforme brancas e 9.496 euros en pantalóns de uniforme brancos; 9.100 euros en chaquetas de pixama e 8.067 euros en pantalóns de pixama; mentres que o resto do orzamento deste expediente vai para a compra de casacas e pantalóns de uniforme verde quirófano, EPI botas e zapatos brancos de seguridade e zocos antideslizantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O último destes catro expedientes refírese á subministración de diverso material non inventariable, como é o destinado á conservación e reparación de inmobles, máquinas e instalacións; o material de oficina ordinario e de oficina informático; o instrumental e os pequenos utensilios sanitarios e o material de consumo de carácter periódico. O total do orzamento deste expediente é de 55.303 euros.

A adquisición de todo este material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia do Covid-19 que elaborou o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade facer provisión de materiais e recursos necesarios. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria da Consellería de Sanidade, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das Áreas Sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

SANIDADE DEDICA MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS Á ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS PARA FACER FRONTE AO COVID-19

- *Este presuposto repártese entre a adquisición de material, a contratación de determinados servizos e realización de pequenas obras*

O Consello da Xunta ven de autorizar a contratación, polo trámite de emerxencia da subministración dunha serie de bens, servizos e pequenas obras na Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés. O importe para esta contratación ascende a 1.213.922 euros.

Para facer fronte á pandemia do Covid-19 nesta área sanitaria, acometeuse unha adaptación de espazos e un mantemento máis intensivo de todos os equipamentos, ademais de adquirir materiais de protección e diagnóstico, desenvolver o teletraballo, reforzar entre outros, os servizos de limpeza e seguridade e adquirir medicamentos.

Co obxectivo de cubrir estas necesidades, o orzamento cubre a adquisición de material de laboratorio para test Covid-19 por un valor de 407.291 euros, produtos farmacéuticos cun custe de 288.119 euros, e diverso material sanitario e non sanitario para o coronavirus por un importe de 258.820 euros.

Tamén recolle 90.749 euros da obra e reforma para a adaptación de diferentes espazos, 32.575 euros en reforzar o servizo de limpeza; 25.672 euros para material informático e soporte e 9.000 euros de telefonía en ambos casos para a implantación do teletraballo; 25.833 euros para uniformes e 23.029 euros para material electromédico de equipos de reforzo do plan de continxencia contra o Covid-19.

Así mesmo, o citado orzamento destina 14.829 euros para actuacións de transporte relacionados co coronavirus, 13.197 euros para mantemento de equipamentos informáticos, 11.430 euros para a conservación e mantemento de diversos equipamentos e 9.995 euros para reforzar a seguridade da área.

Ademais recóllense outras actuacións como reparacións de mobiliario, material de papelería e aluguer de maquinaria de obra ata completar o total do presuposto.

SANIDADE INVISTE MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS EN MATERIAIS PARA PROTEXER A DOENTES E PROFESIONAIS SANITARIOS DA COVID-19

- *O Goberno galego autoriza a adquisición de material considerado imprescindible para a protección dos sanitarios e pacientes con sintomatoloxía Covid-19*
- *O novo investimento reforza e optimiza as tarefas de detección de novos casos de coronavirus*
- *O expediente inclúe a adquisición dun total de 4.847.980 máscaras*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación polo trámite de emerxencia de diversos materiais de protección para combater a Covid-19, co obxecto de garantir a seguridade dos profesionais e doentes dos centros sanitarios galegos. O investimento desta nova contratación ascende até os 6.032.960 euros.

O expediente representa a sétima actuación de compra efectuada polo Xunta de Galicia no ánimo de combater e paliar os efectos do coronavirus. Así, entre os materiais que se inclúen nesta partida atópanse bens de protección individual: como 548.080 máscaras respiratorias FFP2, 1.031.562 de batas protectoras dun só uso, 20.000 batas impermeables de alta protección, 5.088 protectores faciais, 5.800 luvas de exame, 4.299.900 máscaras cirúrxicas do tipo IIR, 13.515 unidades de solucións desinfectantes de mans, 30.200 luvas de nitrilo; así como 1.500 kits de detección rápida de virus e 46.000 medios de transporte de virus.

Dun xeito desagregado, Sanidade destinará 2.363.169 euros á adquisición de distintos tipos de batas protectoras dun só uso; 152.000 euros para batas impermeables estéril-reutilizables; 2.474.960 euros para máscaras cirúrxicas IIR; a cantidade de 851.491 euros para adquisición de máscaras respiratorias do tipo FFP2; 29.224 € para desinfectante antiséptico; 11.702 euros para pantallas protectoras, 3.292 € en distintos tipos de luvas de cirurxía e 1.054 euros en luvas de nitrilo.

Así mesmo, o expediente aprobado esta mañá polo Consello da Xunta establece unha partida de 90.417 euros destinada a medios de transporte do virus e 55.650 euros para a adquisición de kits de detección diagnóstico do virus.

A actuación enmárcase e complementa o conxunto de medidas que durante as últimas semanas ven activando a Consellería de Sanidade, na procura de dotar aos profesionais da saúde de todo o material necesario para xestionar a crise sanitaria provocada pola Covid-19.

Neste senso, a Xunta de Galicia continúa a reforzar os protocolos de actuación para garantir a protección dos doentes e profesionais sanitarios na presente pandemia, ao tempo que incide na detección precoz do virus e optimiza o número de probas PCR a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

realizar. Así, e grazas a estes kits, posibilitábase un cribado inicial de poboación que precisaría facer a proba PCR e, dun xeito simultáneo, permite liberar profesionais e recursos no Servizo Galego de Saúde.

SANIDADE INVISTE 240.557 EUROS EN EQUIPAMENTO ELECTROMÉDICO PARA O COVID-19 NA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- *O Goberno galego autoriza a adquisición deste material considerado imprescindible para a posta en marcha dunha serie de proxectos como un dispositivo extraordinario de atención de emerxencia, a ampliación de UCI e a adaptación do servizo de urxencias*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subministración de diversos materiais de electromedicina considerados imprescindibles para dotar de recursos a diferentes proxectos da Área Sanitaria da Coruña e Cee fronte ao Covid 19. O investimento total para estes materiais é de 240.557 euros.

Os protocolos de actuación da presente crise sanitaria provocada polo COVID-19 establece a necesidade da subministración de material para cubrir as necesidades na loita contra a pandemia. Neste caso concreto tratase de equipamento electromédico para diferentes proxectos na área coruñesa entre os que destacan o de ampliación da unidade de críticos, a adaptación do servizo de urxencias, e o dispositivo extraordinario de atención de emerxencia.

Este equipamento adquirido son unidades de paciente para respiradores, repostos de respiradores, soportes e adaptadores para respiradores e monitores; e implementación de terapia de alto fluxo e proteccións, ademais de respiradores de transporte. Tamén se contempla a adquisición de electrocardiógrafos, monitores multiparamétricos e aspiradores de secrecións, pulsioxímetros portátiles, e desfibriladores con monitorización. Así mesmo este equipamento comprende unha mesa de anestesia, diversos accesorios para monitores; monitores e carro para monitor e aspiradores portátiles entre outro equipamento.